


1º CERTAME COMECOCOS - 2008



BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Organizador do concurso

A organización deste concurso está promovida pola Biblioteca Escolar como parte das actividades de “Formación de usuarios” dirixidas ao alumnado de Educación Secundaria.

2. Bases Específicas de Participación

- Condicións para ser participante:
Poderán participar no concurso as alumnas e alumnos de Educación Secundaria.

- **Exclusións**: Quedan excluídos da participación neste concurso os **lectores morosos**, é dicir, aqueles que non teña devoltos ou renovados os libros de préstamo no momento en que empece o concurso.

SÓ SE CONSIDERARÁ VÁLIDA A PARTICIPACIÓN DAQUELES ALUMNOS QUE CUMPLAN ESTES REQUISITOS.

3. Datas de comezo e remate

- O concurso comezará o venres 8 de febreiro de 2008 e rematará o venres 29 de febreiro.

4. Funcionamento do Concurso

- Cada **luns, mércores e venres**, entre o 8 e o 29 de febreiro, publicarase no taboleiro do concurso **unha pregunta** que o participante deberá resolver.
- Para conseguir a información poderás empregar todos aqueles medios que consideres oportunos e que están á túa disposición na biblioteca.
- Deberás cubrir unha folla co teu nome e apelidos, número de carnet de biblioteca, curso e resposta á pregunta do día. Este impreso estará á túa disposición en Conserxería e deberá ser depositado na **caixa de correos na entrada da biblioteca**.
- O **prazo** para entregar a resposta é **ata a publicación da seguinte pregunta**.
- As preguntas son **eliminadoras**, é dicir, se fallas na resposta quedas eliminado do concurso. Quen acerte pasa á seguinte proba. A lista dos participantes que continúan publicarase no taboleiro do concurso.
- Quen supere todas as probas no prazo indicado será o gañador ou gañadora do concurso. En caso de empate o Equipo da Biblioteca realizará un **sorteo público** entre todos os finalistas para determinar quen consegue o premio.

5. Premio do Concurso:

O premio deste concurso consiste nun **reproductor MP4 marca ZIPPY de 2GB.**

6. Publicación dos gañadores

Os alumnos gañadores aceptan que o seu nome sexa publicado nos soportes que o Equipo da Biblioteca estime oportunos. O prazo máximo de publicación dos gañadores será de 5 días logo da finalización do concurso.

